



BANDO DA ALCALDÍA SOBRE O CORTE DE TRÁFICO NA RÚA DAS DORES E AVISO DE PRECAUCIÓN NA CIRCULACIÓN NA PRAZA DO CONCELLO E RÚA DE CASTELAO

José Andrés García Cardeso, alcalde do Concello da Baña,

Comunícalle a toda a cidadanía que, o vindeiro domingo día 7 de outubro, con motivo da celebración da **Trail da Baña, CMP Trail**, que se vai celebrar no Concello da Baña, se van realizar os seguintes **cortes de tráfico na Rúa das Dores**, e avisa de que hai que circular con precaución **pola Praza do Cruceiro, Praza do Concello e Rúa de Castelao**.

Lugares, días e horas:

- **Sábado, 6 de outubro, a partir das 12.00 h, PRECAUCIÓN ao pasar pola Rúa das Dores, no Campo de Cartas, por colocación de estrutura con gálibo de 3.50 metros.**
- **Domingo, 7 de outubro, de 8.00 h a 17.00 h PASO CORTADO na Rúa das Dores, e aviso de precaución na circulación pola Praza do Cruceiro, Praza do Concello e Rúa de Castelao.**

Agradezo a colaboración de toda a veciñanza.

A Baña, 4 de outubro de 2018

O alcalde,

